



Concello de Mugardos

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Código SIA: 2475447

Expediente: 273/2025.- SELECCIÓN E CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL PARA O PROGRAMA PEL CONCELLOS 2025

Trámite: Publicación.- **Anuncio aprobación da lista de reserva e novo chamamento de candidato para contratación. Prazas de PEÓN**

ANUNCIO

SELECCIÓN E CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL PARA O PROGRAMA PEL CONCELLOS 2025. PRAZAS PEÓN. APROBACIÓN LISTA DE RESERVA E NOVO CHAMAMENTO DE CANDIDATO PARA CONTRATACIÓN

Por Decreto núm. 2025- 0669 (Resolución de Área de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior) de data 03/06/2025, acordouse o seguinte:

Primeiro.- Prestar aprobación á renuncia presentada pola aspirante proposta para contratación, Dña Nuria González Pérez, co número de rexistro de entrada 2025-E-RE-1352 de data 30.05.2025.

Segundo.- Prestar aprobación á formación dunha lista de reserva para posibles baixas ou renuncias segundo proposta do Tribunal (Base 12 das Bases xerais), para aquelas persoas aspirantes que aprobando o proceso selectivo non terían acadado a praza, que por orde de puntuación quedaría:

	Aspirante	DNI	Total puntuación
1	RODRIGUEZ RUMBO, JUAN V	***5258**	6,10
2	EIROA FONTÁN, CRUZ MARIA	***7948**	6,00
3	PÉREZ VARELA, LINO	***7128**	5,60

Terceiro.- Con cargo á lista de reserva efectuar o chamamento ao primeiro candidato D. Juan V Rodríguez Rumbo e outorgarlle o prazo de cinco (5) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica, para presentar os documentos acreditativos das condición de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria para a contratación:

1. Documento nacional de identidade ou documento equivalente.
2. Declaración de non se achar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade, e de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública.
3. Orixinal ou ben copia que teña carácter de auténtica ou compulsada conforme a lexislación vixente, do título académico esixido para tomar parte na convocatoria
4. Certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función para desempeñar, expedido por un facultativo competente.
5. Documentación acreditativa das diferentes circunstancias que teña alegado para os efectos da súa baremación na fase de concurso segundo a Base 9.1 e dos posibles criterios de desempate (Base 9.3)





Concello de Mugardos

Cuarto.- Publicar o anuncio comprensivo do contido desta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mugardos e de xeito complementario na páxina web do Concello de Mugardos

Mugardos, asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior

O Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior

José Miguel Mahía Prados

